

# 2022

## Documento marco. V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026)



Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Xunta de Galicia

# Índice

Presentación	2
I. Proposta marco para os principais elementos do V Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento	3
1. Misión	3
2. Visión	3
3. Prioridades transversais	3
4. Previsibilidade dos recursos orzamentarios	4
5. Prioridades xeográficas da Cooperación Galega	4
6. Ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega	5
7. Colectivos prioritarios da Cooperación Galega	5
8. Xeración de incentivos a través das convocatorias de axudas	6
9. Marco instrumental da Cooperación Galega	6
II. Proposta de marco de resultados do V Plan Director	8

Documento elaborado por Xosé Luís Pastoriza Rozas  
a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.  
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.  
Xunta de Galicia.

**Novembro 2022**

## Presentación

Con este documento a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) presenta ao conxunto de actores e axentes galegos de cooperación unha proposta marco que facilite o debate e o diálogo entre os axentes de cooperación de cara ao proceso participativo de planificación estratéxica da Cooperación Galega para o período 2023-2026.

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece no seu artigo 83 en relación a planificación da Cooperación Galega que:

1. A política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento articularase a través do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, cunha duración de catro anos.
2. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fundamentarase nos principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades deste título. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento basearase para a súa formulación na avaliación participativa do plan director precedente, e habilitará os espazos e mecanismos de consulta oportunos promovendo a participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación.
3. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fixará o marco estratéxico da cooperación para o desenvolvemento nos seus resultados esperados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades, os instrumentos, os procesos de avaliación e os recursos orzamentarios, que orientarán esta política pública durante o seu período de vixencia.

Xa que logo, este documento marco baséase nos seguintes **elementos**:

- a) A Axenda 2030 das Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- b) Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia
- c) O modelo de xestión orientada a resultados reflectido nos III e IV Plan Directores da Cooperación Galega.
- d) Os resultados da avaliación intermedia e final do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-20121).
- e) A Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.

Ao tempo, o pleno do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) aprobou na súa sesión do 21 de xullo de 2022 a constitución dunha comisión dinamizadora específica que acompañe o proceso participativo de elaboración do V Plan Director promovendo o diálogo e a participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación.

Durante o mes de outubro e novembro de 2022 o conxunto de axentes de cooperación da Cooperación Galega poderán achegar as súas suxestións a este documento marco, ben a través das entidades representantes no CONGACODE, ben de forma directa ao correo electrónico [plandirectorgalicia@outlook.es](mailto:plandirectorgalicia@outlook.es). Tamén se poderá solicitar unha entrevista ou xuntanza de traballo co consultor responsable do proceso de planificación, Xosé L. Pastoriza Rozas, no teléfono 606 252 439.



## I. Proposta marco para os principais elementos do V Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

### 1. *Misión*

A declaración de misión do V Plan Director será a mesma que a establecida no IV Plan Director.

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

### 2. *Visión*

A visión proposta para o V Plan Director será a mesma que a establecida no IV Plan Director.

A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás -especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.

### 3. *Prioridades transversais*

Propóñense sete prioridades transversais, adaptadas na súa redacción ao establecido no artigo 85.4 da Lei 10/2021, do 9 de marzo.

1. **A erradicación da pobreza multidimensional.**
2. **A igualdade de xénero.**
3. **A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.**
4. **O enfoque baseado en dereitos humanos.**
5. **O respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade.**
6. **A equidade e a loita contra as desigualdades.**
7. **A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.**

#### 4. Previsibilidade dos recursos orzamentarios

Para o período 2023-2026, os recursos orzamentarios dispoñibles definiranse tomando como base a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023. Este punto de partida orzamentario ten como horizonte a consecución ao remate da vixencia do V Plan Director, dun esforzo inversor semellante ao promedio autonómico sobre a AOD desembolsada. Con todo, a formulación que se presenta ten un carácter provisional xa que unha redacción alternativa deste indicador está a ser negociada pola DXRREE e UE.

**“O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 no marco da consecución en 2026 dun esforzo inversor semellante ao promedio autonómico sobre a AOD desembolsada”.**

#### 5. Prioridades xeográficas da Cooperación Galega

O IV Plan Director mantivo a tendencia cara á concentración xeográfica da axuda galega de tal xeito que un 93 % da axuda en cooperación ao desenvolvemento no exterior se desembolsou nos 11 países prioritarios da Cooperación Galega.

De cara ao V Plan Director da Cooperación Galega, a DXRREE e UE suxire manter os **11 países prioritarios**:

**África Subsahariana:** Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique

**América do Sur:** Bolivia, Ecuador e Perú

**Caribe:** República Dominicana

**América Central:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

A selectividade xeográfica da axuda galega ten xerado unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto, ficando Mozambique e Guinea Bissau como PMA dentro dos países prioritarios.

De todos os xeitos, a cooperación galega destinará como mínimo un 20 % da súa axuda desembolsable no exterior aos PMA. Por outra banda, as bases das convocatorias de proxectos no exterior concederán a mesma valoración dos países prioritarios aos PMA e países cun IDH baixo. Ao tempo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina, así como aos países da Lusofonía.

## 6. Ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega

De acordo cos resultados da avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega, suxírense 7 ámbitos estratéxicos no marco do V Plan Director. Con respecto do IV Plan Director, formúlanse dous novos ámbitos estratéxicos: promover a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento da sociedade civil; e loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade ambiental e a xustiza ecolóxica.

Ámbitos estratéxicos
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a igualdade de xénero e máis o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
4. Promover a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento da sociedade civil.
5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade ambiental e a xustiza ecolóxica.
6. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.
7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

## 7. Colectivos prioritarios da Cooperación Galega

O V Plan Director prestará unha atención preferente aos seguintes grupos de poboación:

- As mulleres e nenas, con especial atención ás que vivan en zonas desfavorecidas e sen recursos, e poidan ser obxecto de diversas discriminacións.
- A infancia e mocidade, con especial atención á infancia e mocidade en risco ou con discapacidade, á loita contra a explotación infantil, ás persoas menores excluídas do sistema educativo e á mocidade excluída do mercado de traballo.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de maior discriminación (mulleres, nenas, persoas con discapacidade, etc.).
- As persoas con discapacidade, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de diversas discriminacións.
- A poboación refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais.

En coherencia coa Estratexia da resposta á COVID-19 da Cooperación Galega suxírese engadir tamén o seguinte colectivo:

- As persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia da COVID-19.

## ***8. Xeración de incentivos a través das convocatorias de axudas***

A Cooperación Galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva aos diferentes axentes de cooperación. Neste senso suxírese unha **distribución da axuda total desembolsable de entre o 70-75 % a través de convocatorias e de entre o 25-30 % a través de convenios.**

Ao tempo, as convocatorias seguirán a manter os incentivos para:

- a) Favorecer a concentración xeográfica da axuda en cooperación ao desenvolvemento nos países prioritarios, nos PMA e nos países cun IDH baixo.
- b) Reforzar a especialización sectorial da Cooperación Galega para o cumprimento dos ODS.
- c) Favorecer o traballo en man común mediante as agrupacións de actores nas convocatorias aos axentes de cooperación.
- d) Financiar intervencións en cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas superando o carácter puntual das actuacións.
- e) Manter a aposta polo fortalecemento da capacidade dos actores de cooperación a través da preservación do criterio de subvencionar os gastos de persoal até o 70% do custe total do proxecto.

## ***9. Marco instrumental da Cooperación Galega***

En función das disponibilidades orzamentaria, entre 2023 e 2026 financiaranse intervencións a través das seguintes convocatorias de axudas:

- 1. Programas no exterior e de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.**
- 2. Proxectos no exterior de ONGD.**
- 3. Proxectos no exterior outros axentes.**
- 4. Microproxectos no exterior.**
- 5. Proxectos de acción humanitaria de ONGD.**
- 6. Proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global de ONGD.**
- 7. Proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación de grupos e centros de investigación das universidades galegas**
- 8. Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional.**



Por último, os **convenios** a través dos cales a DXRREE e UE artella a súa cooperación directa poderanse empregar nas seguintes circunstancias:

- a) Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- b) Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
- c) Sempre que se acorden accións conxuntas nos ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- d) Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur ou na xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da Cooperación Galega.
- e) Cando se cofinancien proxectos dos axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da Cooperación Galega que teñan sido aprobados por outros organismos internacionais (Unión Europea, Banco Mundial, etc.).



## II. Proposta de marco de resultados do V Plan Director

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores <sup>1</sup>
<b>R.X.1. A Cooperación Galega alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</b>	<i>L.A.1.1. Contribuír a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega.</i>	1.1.1. Grao de participación da DXRREE e UE nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e logro da Axenda 2030.
	<i>L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.</i>	1.2.1. Nº de xuntanzas do CONGACODE e dos seus grupos de traballo.
	<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.</i>	1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 no marco da consecución en 2026 dun esforzo inversor semellante ao promedio autonómico sobre a AOD desembolsada.
	<i>L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación</i>	1.4.1. Achegas económicas doutros departamentos da Xunta de Galicia a actividades de cooperación.
<b>R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.</b>	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios</i>	2.1.1. Como mínimo o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios.
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.</i>	2.2.1. Como mínimo, un 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.
	<i>L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	2.3.1. Axuda desembolsada a través da convocatoria de programas no exterior e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
<b>R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.</b>	<i>L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.</i>	3.1.1. O 70-80 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. 3.1.2. O 10-15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria. 3.1.3. O 10-15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

<sup>1</sup> Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do V Plan director no 2026

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores <sup>1</sup>
	<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.</i>	<p>3.2.1. Como mínimo, un 20% dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE destinarase a acción humanitaria.</p> <p>3.2.2. N° de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.</p> <p>3.2.3. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID ou instrumentos análogos realizadas pola Xunta de Galicia.</p>
<b>R.X.4. Os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.</b>	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</i>	4.1.1. Grao de participación nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española.
	<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	4.2.1. N° de proxectos en agrupación financiados a través das convocatorias da DXRREE e UE e porcentaxe sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias.
	<i>L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.</i>	4.3.1. N° de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación da Lusofonía.
<b>R.X.5. Os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.</b>	<i>L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.</i>	5.1.2. N° de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.
	<i>L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.</i>	5.2.1. N° de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.
	<i>L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	<p>5.3.1. N° de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.</p> <p>5.3.2. N° de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.</p>
	<i>L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.</i>	<p>5.4.1. N° de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación celebrados.</p> <p>5.4.2. N° de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas.</p> <p>5.4.3. N° de avaliacións das intervencións financiadas.</p>
	<i>L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.</i>	5.5.1. Até o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos .

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores <sup>1</sup>
	<i>L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a fontes de financiamento nacional e internacional.</i>	5.6.1. Nº de proxectos cofinanciados e cantidade desembolsada pola Cooperación Galega.
	<i>L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da Cooperación Galega.</i>	5.7.1. O 70-75 % da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas e o 25-30 % a través de convenios.
<b>R.X.6. A cidadanía galega e os actores e axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS.</b>	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da Cooperación Galega. 6.1.2. Nº de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da Cooperación Galega. 6.1.3.. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externa e independente da execución do V Plan director da Cooperación Galega realizadas e difundidas.
	<i>L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación.</i>	6.2.1. Nº de actividades no Parlamento de Galicia relativas á Cooperación Galega. 6.2.2. Nº actividades de presentación de resultados da Cooperación Galega e rendición de contas aos actores e axentes de cooperación no CONGACODE.